

XXXIV CERTAME LITERARIO  
DO CONCELLO DE VILALBA

2008

desequilibras e caer

[pseudónimo: xardín de papel]

# I

## ruídos animais

é na madrugada que me extravío lonxe

e abro a boca con desexo urxente se non me inicias un poema  
de pornos e violento e que atosiga e sofoca

son a omnisexual autopoetizada que se arrastra lento

ou non me miro se me atas hoxe que volves e chove

ou non me ato se chove que xa non volves

ou me choves enriba do desexo das ganas todas

xusto no punto exacto no que gardamos a nosa lámpada favorita

que é dentro das nosas bocas silenciadas en ruínas

non debo abrir máis o ventre

porque vomitaría unha historia de náusea que ninguén coñece

prefiro o meu corpo blando e suave en lentísima presenza

porque son a polimórfica e perfecta e eu xa escribía sobre ti noutro lugar e tempo

escribía sobre ti sen saber que existías

pero non debo abrir máis o ventre

podo facer de asasina dos nomes ou de puta empedernida

se me colocas entre as túas pernas, que me deixo mover

podo facer da prohibida retráctil que se arrastra réptil

e aboiar sobre o teu ventre intacto

ate que me perfumes ou me destrúas de tanto exceso

é ese o momento exacto en que todo sabe a nada

e a memoria está completamente anestesiada

serei a que che praxe máis se non resistes os movementos

desequilibras e caer

como ruídos animais na miña lírica

se te preño de eclipses gústoche máis

porque non resistes o meu corpo espido na bañeira

e caer moi dentro da nosa lírica

como ruídos animais e caer

hei ser a máis guapa

sen maquillaxe

polimórfica perfecta e orgásmica

**soterrada e renacer alotrópica**

berrando nervios e unha marca que fixeches no meu ventre

anoitece nos meus versos e son a triste

pero sabes a laranxa por fóra e deixo que me leas

só neste lugar preciso, se me comes as comisuras

este adiantarse das mans sóbor da area

renacendo

autopoética

e

seca

**quixen** elevarme como autopoerótica  
e espía as bonecas loiras para xogar con elas  
e que se doesen con cristais nos ollos

abríalles o corpo e gardaba poemas  
para que lles chovera enriba  
dorosísimamente que están baleiras

pobriñas  
canto choraron

**Eu xa** te escribía antes desta hora tráxica e inventaba posturas no punto único dos ollos.

Podes continuarme se esperto a medianoite coas mans atadas ao teu corpo, porque  
coñeces a sintaxe perfectísima que me aplana o ventre, e póño-me elástica só por un  
intre,

que son a soterrada sempre.

Gústasme así conxugando verbos imperativos, porque me autopoetizas masturbándome a lingua.

Podes continuarme se esperto por fóra e eu te escribía xa noutro lugar calquera, e era a  
cósmica intacta vixiando o de adentro, soterrada muda nos arrabaldos das mantas.

Se deixo que me leas extravíome para que me interpretes ou descanso sobre calquera  
baldosa, e coñeces a sintaxe perfectísima que inaugura a noite, que me camiña núa polas  
costas, que me sabe a ferida no peito estendida, a morfoloxía esnaquizada do meu nome,  
ferida parida da miña boca e seca, a adverbio incompleto traspasando o vidro.

Por devastadora cecais, por destruidora da linguaxe, por poesía en prosa morrendo no  
aire, asinada ou asasinada no fondo deste papel, compulsivamente,  
por tráxica fun a sepultada embaixo do chan da miña casa,  
para que me chames a berros hoxe que chove e volves.

E non existe un intre de desastres nos ollos se me atraveso os nervios porque son  
a tráxica empedernida e sempre teño moita présa, mastigando posturas que subirme aos  
ollos e me ato a un poema arrincado do soño que soñabas antonte  
na miña boca soñabas

babexando o frío suave que agarda

**e baixeime** polas ruínas unha tarde de frío  
asasinando o meu nome  
que é como dicir que teño aramios no lugar do medo  
triste nena paralizada e desencanto  
que se ata e chove en cristais de papel mollado  
que babexa silencio  
nas fascinantes ruínas das tardes de frío



**Mira** esta páxina na miña man esquerda, que nacín dunha hemorraxia na orixe da túa boca. Son a que se arrastra ate o fondo do espello, a que recita os teus ollos para que me desvirgues mil veces, para que me ames en diagonal e me cociñes lento.

Se me anestusias a memoria descanso sobre calquera alfombra e sabes que me disloco o estómago con dinamismo, que me cabalgo no teu abrazo matando os ocos do teu pescozo, hipérboles descostradas de ausencia, tan carentes de momentos precisos porque eu son a omnisexual que se arrastra réptil na saba grisácea e con pouco aire se non resistes o meu corpo espido proclamándome única

e todas as danzas do mundo que naceron en min

## II

textos que archivei no caixón

## AS ACENDIDAS

Non durmir. É o único que vale agora para escribir os poemas.

Agora que non se sente viva, que o cansanzo inunda as costas, que se lle vai a vida polas pernas.

Houbo un tempo en que eramos as Acendidas. Agora andamos de vagar e coa luz pechada e o ventre intacto. Somos as baleiras agardando un delirio novo ao que acollernos. Unha nova sintaxe. Novas Artes.

Houbo un tempo en que o Mundo se armaba de valor. De inocencia e fame.

Agora nos comen por dentro.

E toda a sabedoría do mundo converteuse no infeliz reclamo ao que non chegaremos; o que non nos espera. Porque camiñamos de vagar coa consciencia metida en frascos. E todos os significados do mundo van caendo. E morren máis nenos.

Eramos as Acendidas que buscaban un lugar máis tanxible para escribir os poemas.

Eu levo os ósos fóra.

Agora os que inventan alerxias están no fondal das pantallas de plasma. E eu levo unha palpitación no ollo esquerdo.

Alumbradoras de nós mesmas, Acendidas na marxinación das nosas letras e non durmir mentres agardamos poemas.

## ESPESA

Tiven que meterme no baixo dos xoguetes xogando a ser unha avéspora sementada en mel, no baixo das mantas para aprender a chorar, para remexerme por dentro, furada e aberta de corpo enteiro e con forte sfumato de pornolalia feliz.

Tiven a idea de mesturarme cos restos e volver a parirme do meu propio útero de escenas tristes e abrazada a un caderno pintado de tráxicas palabras que aboian nun barco suxo cara a atalaia erixida sobre un poema que saíu da túa boca.

Espesa.

Tiven a idea de facerme unha orixe na punta dos dedos dos pés, e xogar a correr por herba seca na praia do vrao, angustiando a nenos vivos e outros animais. Dinamitando as artes, e os teus ollos bucais os bucais inocuos únicos afastadores de todo dano en nenas inertes que eu era [moitas, moitas, era eu] nocivas nenas bucais nenas... Así quería que me contases como e cando se facía, que cun abrazo chegaba dabondo para cicatrizar a boca brutal das cristiás que me ensinaron, unha boca cosida a golpe de tragar o espanto en cada hora en cada día. E foi que tiveren un barco ao que aferrarme con palabras tristes aboiándome nun poema saído da túa boca.

Espesa.

E tiveren que ensaiar cos dedos na saia para facela máis pequena, para estar máis guapa e me ollaras as pernas, para escapar dos nenos vivos que xogaban ás cartas. Lembro gatos no

fondo do útero e agardas infinitas e frío labial, crecínme un enxerto polo fondo dos dentes,  
[pra morder mellor]. E tiven que luxar os versos, baleirarme deste complexo de fera abatida  
abrindo as ás, describindo o meu nome

para chegar á túa boca

Espesa.

## SAIA

unha vez díxome un que escribía novelas

*os poetas sodes uns exhibicionistas*

non sei, a min gústame levar minisaia

## DESEQUILIBRAS E CAER

é na madrugada que me viaxo lonxe  
e pecho os ollos se me inician un poema  
violento longo e que sofoca e calma

son a envolta en terra e suave  
que me deixo atar se chove que volves  
porque non me ato se xa non chove  
e me choves xusto no punto exacto en que mellor se ama

podo seguir abrindo o ventre  
pero escoitarás unha historia de desastres

porque era a soterrada eleveime lento  
e escribía sobre ti noutro lugar e tempo

e aboiaba xa no teu ventre intacto

serei a que che prace máis se non resistes os movementos

desequilibras e caer

como ruídos animais na miña lírica